



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xullo 2021 • Nº 257

PRESENTACIÓN DO LIBRO “VEDRA. UNHA HISTORIA VISUAL” DE HENRIQUE NEIRA PEREIRA

- **Data:** mércores 28 de xullo.
- Hora:** ás 20:00 horas.
- Lugar:** a Nave da Estación.
- Información no teléfono:** 981 814 691.



INFORMACIÓN TURÍSTICA NA REITORAL DA ULLA

- O punto de información turística abre de novo as súas portas o vindeiro 6 de xullo en horario de martes a domingo de 11:00 a 15:00 horas.

LEMBRA HORARIO DE VERÁN

- De 15 de xuño a 15 de setembro de 9:00 a 13:00 h
 - Nas Oficinas xerais e nos departamentos de Alcaldía, Emprego e Cultura e Deportes (De luns a venres)
 - No departamento de Servizos Sociais: (os luns, xoves e venres)
 - No departamento de Urbanismo: (os luns, mércores e xoves)
 - No Xulgado de paz: (os martes e xoves de 10:00 a 13:00 horas)

Toda persoa que acceda ás dependencias municipais deberá cumprir cos protocolos de medidas preventivas

XULLO

L	M	MC	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

CAMIÑOS DE MÚSICA

- Presentamos esta proposta que mestura en Vedra música e turismo!! Dúas datas a anotar no teu calendario e que non debes perder!!

Camiños de Música

SÁBADO 11 DE SETEMBRO

**ANDA CA BANDA...
POLA VÍA DA PRATA E
POLO CAMIÑO DE INVERNO**

Coa Banda de Música de Sta. Cruz de Ribadulla

Saídas:
9:30 h. Campo da festa da Ponte Ulla (21 KM)
10:30 h. Capela do Santiaguíño (16 km)

Concerto ás 20:00 h.
na praza de Praterías

SÁBADO 10 DE XULLO

**ANDA CA REQUINTA...
POLO CAMIÑO
MIÑOTO-RIBEIRO**

Co grupo de requinteiros
"A Gaita de Sarandón" e
"A Requinta da Laxeira"

Saídas:
9:30 h. Ponte de Sarandón (21 km)
10:30 h. A Gaiosa (16 km)

Concerto ás 20:00 h.
na praza da Quintana

Vía da Prata
Camino de Inverno
Camino Miñoto-Ribeiro

Actividades con aforo limitado e protocolo COVID
+ información e inscricións en
www.concellodevedra.gal

facebook.com/concellodevedra


Vedra, Camiño Xacobeo



“ENTRANDO NA ECONOMÍA GIG”

■ As entidades sociais no proxecto Erasmus+ “Entrando na Economía Gig” organizaron 3 xornadas de formación, todas elas dedicadas á economía Gig. Participantes procedentes de Irlanda, España, Italia e os Países Baixos, recibiron formación sobre a economía Gig, como posicionarse no mercado como traballador/a Gig e cales son as implicacións financeiras da economía Gig.

As xornadas desenvolvéronse con éxito e cun grande compromiso por parte da docencia e do alumnado. Se queres coñecer máis sobre este proxecto do que forma parte o Concello de Vedra e sobre a citada formación visita o seu blog na seguinte ligazón: <https://www.enteringthegigeconomy.eu/blog>



Semana de formación sobre a Economía Gig no marco do proxecto Eramus + “Entrando na Economía Gig”.



Exposición fin de curso das actividades artísticas de Vedra na Casa das Artes dende o 11 ao 26 de xuño que recibiu visitas de diferentes colectivos e do público en xeral!




Recepción ao Club Olímpico de Vedra polos seus históricos resultados nesta tempada.



Paso da xira inclusiva do proxecto JAMM - IN polo CEIP Ortigueira en Vedra.



Participación de Vedra na Feira de Voluntariado de Ames.



Emisión do programa "Hoy por hoy" da Cadena Ser no vagón coworking.

ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS



Entrega de premios do Serán das Letras 2021 da Asociación Cultural San Campio.

Comercio Local

WWW.HAIVEDRA.GAL

■ Xa chegou o verán, e despois dun largo inverno no que non paramos de traballar merecemos un capricho: un libro que nos faga viaxar ata a India, preparar unha cea romántica para escapar da rutina, un complemento para ese vestido que nos queda tan ben, un trade para colgar eses cadros que levan meses no armario etc.

Achégate a Hai Vedra e recibe os teus caprichos na casa, axuda ao comercio local.



Pasatempo... Verán 2021

Amencer



tardiñas



noitiñas



"PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES SEGURAS"

- ✓ Actividades e espectáculos de pequeno formato
- ✓ Distribución de actividades por todas as parroquias e ao aire libre
- ✓ Dirixido a toda a poboación local: infancia, mocidade, persoas adultas e maiores
- ✓ Límite de aforo e protocolo COVID
- ✓ Recuperar a confianza para que a veciñanza asista presencialmente ás actividades culturais
- ✓ Colaboración asociativa

venres
2 xullo

Noitiña: ESPECTÁCULO INFANTIL-FAMILIAR "O Peirao"



Monicreques

Hora: Ás 21:00 h.

Lugar: Campo da Festa de San Mamede de Ribadulla.

Actividade familiar e para o público xeral.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.

sábado
3 xullo

Amencer: PILATES



Hora: De 10:00 a 11:00 h.

Lugar: Área de recreo de Cubelas.

Actividade interxeracional aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: 15.

martes
6 xullo

Tardiña: TARDIÑAS NOVAS - GRANDES XOGOS



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra.

Nº de prazas: 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2009 e o 2017 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardiña desenvolverá a actividade que lle da título.

xoves
8 xullo

Tardiña: TARDIÑAS MOZAS - QUEDADA XOVE



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Contorno do Pavillón Polideportivo - Centro Social.

Nº de prazas: 25. Actividade para a mocidade de entre os 12 e os 18 anos. Cada xornada desenvolverase unha actividade diferente.

venres
9 xullo

Noitiña:

NOITIÑA DE CONCERTO



"Canta miña pedra canta"

XAN CURIEL E CHARO PITA

Hora: Ás 22:00 h.

Lugar: Campo da Festa de San Fins de Sales.

Actividade aberta ao público en xeral

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.

sábado
10 xullo

Amencer: ANDA CA REQUINTA POLO CAMIÑO MIÑOTO-RIBEIRO.



Coa colaboración da Gaita de Sarandón e a Requinta da Laxeira

Hora: Saída ás 09:30 h.

Lugar: Ponte de Sarandón.

Actividade interxeracional aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: Aberto. En grupos segundo normativa COVID.

martes
13 xullo

Tardiña: TARDIÑAS NOVAS - XOGOS DE AUGA



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra.

Nº de prazas: 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2009 e o 2017 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardiña desenvolverá a actividade que lle da título.

**xoves**
15 xullo**Tardiña: TARDIÑAS MOZAS -
QUEDADA XOVE****Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.**Lugar:** Contorno do Pavillón Polideportivo -
Centro Social.**Nº de prazos:** 25. Actividade para a
mocidade de entre os 12 e os 18 anos.
Cada xornada desenvolverase unha
actividade diferente.**Noitiña:****CONVERSA CON... NATALIA
BARREIRO PIÑEIRO****"INVESTIGADORA QUE PARTICIPA
NA VACUNA GALEGA CONTRA O
CORONAVIRUS"****Hora:** Ás 22:00 h.**Lugar:** Campo da Festa de San Miguel de
Sarandón.

Actividade aberta ao público en xeral.

Nº de prazos: Aforo limitado segundo nor-
mativa COVID.**martes**
20 xullo**Tardiña: TARDIÑAS NOVAS -
DECORACIÓN NATURAL****Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.**Lugar:** Campo da festa de Vedra.**Nº de prazos:** 25. Actividade para a infancia
nacida entre o 2009 e o 2017 (coa creación
de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de
8 a 12 anos).Cada tardiña desenvolverá a actividade
que lle da título.**xoves**
22 xullo**Tardiña: TARDIÑAS MOZAS -
QUEDADA XOVE****Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.**Lugar:** Contorno do Pavillón
Polideportivo - Centro Social.**Nº de prazos:** 25. Actividade para a
mocidade de entre os 12 e os 18 anos.
Cada xornada desenvolverase unha
actividade diferente.**venres**
16 xullo**Noitiña: ESPECTÁCULO INFANTIL-
FAMILIAR "SABOOR"****Hora:** Ás 21:00 h.**Lugar:** Campo da Festa de Illobre.
Actividade familiar.**Nº de prazos:** Aforo limitado segundo nor-
mativa COVID.**venres**
23 xullo**Noitiña: CINE INFANTIL-FAMILIAR
"BRUXERÍAS"****Hora:** Ás 22:00 h.**Lugar:** Campo da Festa de Trobe.
Actividade familiar.**Nº de prazos:** Aforo limitado segundo norma-
tiva COVID.**sábado**
17 xullo**Amencer: BAILOTERAPIA****Hora:** De 10:00 a 11:00 h.**Lugar:** Área de recreo do Campo
de Gundían.Actividade interxeracional aberta ao público
en xeral.**Nº de prazos:** 15.**sábado**
24 xullo**Amencer: PILATES****Hora:** De 10:00 a 11:00 h.**Lugar:** Área de recreo do Agronovo.Actividade interxeracional aberta ao público
en xeral.**Nº de prazos:** 15.**sábado**
17 xullo**Amencer: RUTA EN PIRAGUAS
POLO ULLA (DE SUBCIRA A
AGRONOVO)****Hora:** Ás 10:00 h.**Lugar:** Área de recreo de Agronovo.Actividade dirixida a maiores de 13 anos con
autorización.**Nº de prazos:** 30. **Prezo:** 18 €/persoa.**domingo**
25 xullo**Amencer: AMENCER DE MÚSICA
TRADICIONAL NA FEIRA
con Ghazafellos****Hora:** De 12:00 a 14:00 h.**Lugar:** Campo da Festa de Ponte Ulla.Actividade interxeracional aberta ao público
en xeral.**Nº de prazos:** Pasarrúas.



martes
27 xullo

Tardía: TARDÍAS NOVAS - XINKANA



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra.

Nº de prazas: 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2009 e o 2017 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardía desenvolverá a actividade que lle da título.

xoves
29 xullo

Tardía: TARDÍAS MOZAS - QUEDADA XOVE



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Contorno do Pavillón Polideportivo - Centro Social.

Nº de prazas: 25. Actividade para a mocidade de entre os 12 e os 18 anos.

Cada xornada desenvolverase unha actividade diferente.

venres
30 xullo

Noiteña: NOITEÑA DE CANTO E PANDEIRETA CON: SILANDEIRA, DEDALEIRAS E CAMPIÑAS



Hora: Ás 22:00 h.

Lugar: Campo da Festa de San Xán de Sales. Actividade aberta a todas as persoas interesadas.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.

sábado
31 xullo

Amencer: BAILOTERAPIA



Hora: De 10:00 a 11:00 h.

Lugar: Área de recreo de Cubelas.

Actividade interxeracional aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: 15.

Noiteña: RUTA NOCTURNA EN BICICLETA MTB POLO CAMIÑO MIÑOTO-RIBEIRO.



Coa colaboración do Club Ribadoulla. FORCAREI-SANTIAGO (35 km)

Hora: De 19:00 h. a 23:00 h.

Actividade dirixida á xuventude e persoas adultas.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID. **Ver requisitos**

martes
3 agosto

Tardía: TARDÍAS NOVAS - DANZAS E XOGOS DO MUNDO



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra.

Nº de prazas: 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2009 e o 2017 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardía desenvolverá a actividade que lle da título.

xoves
5 agosto

Tardía: TARDÍAS MOZAS - QUEDADA XOVE



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Contorno do Pavillón Polideportivo - Centro Social.

Nº de prazas: 25. Actividade para a mocidade de entre os 12 e os 18 anos.

Cada xornada desenvolverase unha actividade diferente.

venres
6 agosto

Noiteña: ESPECTÁCULO INFANTIL-FAMILIAR "CIRKOTE"



Hora: Ás 21:00 h.

Lugar: Campo da Festa de San Pedro de Sarandón.

Actividade familiar.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.

martes
10 agosto

Tardía: TARDÍAS NOVAS - JUGGER



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra.

Nº de prazas: 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2009 e o 2017 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardía desenvolverá a actividade que lle da título.

xoves
12 agosto

Tardía: TARDÍAS MOZAS - QUEDADA XOVE



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Contorno do Pavillón Polideportivo - Centro Social.

Nº de prazas: 25. Actividade para a mocidade de entre os 12 e os 18 anos.

Cada xornada desenvolverase unha actividade diferente.

Amencer, tardías e noites de verán...

venres
13 agosto

Noiteña:
**NOITEÑA DE TEATRO CON ANDA-
RAVÍA A.C. PAPAVENTOS**

Hora: Ás 21:30 h.

Lugar: Contorno da Estación de Santa Cruz de Ribadulla.

Actividade aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.



Noiteña: UNHA NOITE DE
ACAMPADA NOVA

Hora: Das 19:00 h. do venres ás 12:00 h. do sábado.

Lugar: Área de recreo de Agronovo.

Actividade dirixida á infancia dos 6 aos 12 anos.

Nº de prazas: 30.



sábado
14 agosto

Amencer: RUTA EN PIRAGUAS
**POLO ULLA (DE SUBCIRA A
AGRONOVO)**

Hora: Ás 10:00 h.

Lugar: Área de recreo de Agronovo.

Actividade dirixida a persoas maiores de 13 anos con autorización.

Nº de prazas: 30. **Prezo:** 18 €/persoa.



xoves
19 agosto

Noiteña: UNHA NOITE DE
ACAMPADA MOZA

Hora: Das 19:00 h. do xoves ás 12:00 h. do venres.

Lugar: Área de recreo de Cubelas.

Actividade dirixida a xuventude de máis de 12 anos.

Nº de prazas: 30.



sábado
21 agosto

Noiteña: NOITEÑA DE CONCERTO
**"Cancioneiro do Camiño de
Santiago" MANUELE DE FELISA**

Hora: Ás 22:30 h.

Lugar: Campo da Festa do Santiaguíño, San Pedro de Vilanova.

Actividade aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.



xoves
26 agosto

Noiteña: CINE INFANTIL-FAMILIAR
**"El Cano e Magallanes:
Volta ao mundo"**

Hora: Ás 22:00 h.

Lugar: Campo da Festa de Merín.

Actividade familiar.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.



sábado
28 agosto

Amencer: ESCALADA

Hora: Ás 10:00 h.

Lugar: Antigo campo de fútbol de Ponte Ulla.

Actividade dirixida a persoas maiores de 13 anos con autorización.

Nº de prazas: 20.

Prezo: 12 €/persoa.



sábado
11 setembro

Amencer:
**ANDA CA BANDA POLA VÍA
DA PRATA E POLA CAMIÑO DE
INVERNO:**

Coa B.M. Sta. Cruz de Ribadulla.

Hora: Saída ás 09:30 h.

Actividade aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: Aberto. En grupos segundo normativa COVID.



- ✓ Todas as actividades requiren de inscrición previa na páxina web: www.concellodevedra.gal
- ✓ O prazo de inscrición de cada unha das actividades abrírase 5 días antes da celebración da mesma, e pecharase cando se complete o aforo.
- ✓ MÁIS INFORMACIÓN NO TELÉFONO 981 814 691



**Concello
de Vedra**



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA




Xacobeo 21-22



ALUGAMENTO DE PIRAGUAS E TÁBOAS DE PADDLE SURF NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

■ Durante os meses de xullo e agosto, todos os venres, sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 h. e 20:00 h. poderase acceder libremente ás piraguas e ás táboas de paddle surf mediante o seu alugamento a un prezo de 4€/hora.



SERVIZO DE ALUGAMENTO DE BICICLETAS BTT

■ Puntos de intermediación de bicicletas:

• **Bar Quenllas:** r/Manuel Texo, nº 3, Santa Cruz de Ribadulla (42.776649, -8.424904). Tel.: 981 512 452

• **Bar Barreiro:** Cibrán, nº 9, San Xián de Sales. (42.814694, -8.511153) Tel.: 981 511 508

• Ou chamando ao 669 450 804
casadospeons@concellodevedra.com

PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NO VERÁN

■ Nos meses de verán o ximnasio municipal permanecerá aberto co horario do pavillón municipal. No momento en que as restricións COVID o permitan, volverase a habilitar a aplicación de alugamento da pista central na páxina web do concello.

PISCINA MUNICIPAL DE VEDRA VERÁN 2021

■ **Apertura do 1 de xullo.**

- **Horario:** de luns a domingo de 16:00 h. a 21:00 h.
- **Teléfono:** 653 131 344 (solo no horario da piscina)
- **Limitación de aforo, control e identificación no acceso á propia piscina.**
- **En caso de mal tempo as instalacións permanecerán pechadas!**

TARIFAS DA PISCINA MUNICIPAL DE VEDRA 2021

Entrada á piscina sen abono:

- **Persoas empadroadas en Vedra**
 - Menores de 6 anos: ENTRADA GRATIS
 - Menores de 18 anos e maiores de 65 anos: 1 €
 - Maiores de 18 anos: 2 €
- **Persoas non empadroadas en Vedra**
 - Menores de 6 anos: 1 €
 - Menores de 18 anos e maiores de 65 anos: 2 €
 - Maiores de 18 anos: 3 €



Bonos

- **Persoas empadroadas en Vedra**
 - **Menores de 18 anos:**
 - A) Bono de 12 baños: 6 €
 - B) Bono de 20 baños: 8 €
 - **Maiores de 18 anos:**
 - A) Bono de 12 baños: 10 €
 - B) Bono de 20 baños: 15 €
- **Persoas non empadroadas en Vedra**
 - **Menores de 18 anos:**
 - A) Bono de 12 baños: 12 €
 - B) Bono de 20 baños: 16 €
 - **Maiores de 18 anos:**
 - A) Bono de 12 baños: 20 €
 - B) Bono de 20 baños: 30 €

Abonos familiares: (composto por persoa titular, cónxuxe e fillos menores de 14 anos)

- **Para familias de Vedra:** 36 € por toda a tempada.
- **Para familias de fóra de Vedra:** 100 € por toda a tempada.

Abonos individuais:

- **Individual:** (para persoas empadroadas en Vedra): 30 €
- **Individual:** (para persoas non empadroadas en Vedra): 80 €

LEMBRA OS RECURSOS TELEFÓNICOS A DISPOSICIÓN DA MULLER:

■ Teléfono 016 - 016 online (Teléfono facilitado polo Ministerio de Igualdade a través da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero)
Teléfono da muller: 900 400 273 (Servizo gratuíto que

funciona as 24 horas do día)
Teléfono 900 191 010 (Teléfono do Instituto da Muller)
...E por suposto o 981 814 693 (teléfono dos servizos sociais de Vedra)

Turismo e Deporte

VEDRA, CAMIÑO DE TAPAS!

■ Despois dun ano moi duro é tempo de axudar á hostalaría local, e ímolo facer comendo tapas, ca iniciativa, "Vedra, tapas no camiño". Un percorrido polos tres camiños que pasan polo concello, dende un punto de vista gastronómico, indo de taberna en taberna, probando as tapas propias de cada un dos camiños. Así que xa sabedes, axudade á hostalaría local: durante as tres primeiras semanas de xullo, de luns a venres, visita as nosas tabernas e proba os manxares do camiño.



CHEGAR E ENCHER!

■ A cámara do concello irá de taberna en taberna, gravando os/as nosos/as hostaleiros/as para recordaros que seguen sendo os nosos taberneiros/as preferidos, que aguantan as nosas penas, que nos contan rexoubadas, calman a nosa sede e dannos cousas ricas de comer. Vídeos curtiños, fotos, publicacións, nos que coñeceredes os segredos de cada establecemento de hostalaría local.

CONTINÚA O V12. "DE PARROQUIA EN PARROQUIA"

■ Estamos en verán... con moitos plans para as vacacións!

É tempo de saír a pasear así que, por iso, despois de 8 meses, a V12.De parroquia en parroquia vai coller vacacións. Volveremos, con moitas máis ganas, e farémolo ao grande coa parroquia de San Mamede Ribadulla, falando de fútbol, de castros e pazos, e moitas cousas máis.

CHEGA A VEDRA O CONCURSO HÍPICO NO CAMIÑO





PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR PARA PERSOAS COIDADORAS

■ Dúas modalidades:

a) **Respiro no fogar:** A axuda consistirá nunha achega económica para contribuír ao pagamento do servizo de atención a maiores a domicilio para atender ás necesidades puntuais nos supostos convenientemente acreditados.

b) **Respiro en residencia:** Posibilidade de que a persoa en situación de dependencia ou con discapacidade poida acceder temporalmente a un centro residencial. A axuda consistirá nunha achega económica para contribuír ao pagamento da mesma.

■ **Período subvencionable:** Dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2021.

■ **Beneficiarios:** Persoas coidadoras habituais non profesionais que atendan de forma continuada unha ou máis persoas dependentes ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

■ **Requisitos:** Que a persoa que se atende presente calquera das seguintes situacións:

- 1) Discapacidade física, psíquica ou mental con necesidade de axuda de terceiras persoas para as actividades da vida diaria, e ter recoñecida unha **discapacidade en grao igual ou superior ao 75 %**.
- 2) Ter recoñecida a situación de **dependencia no grao II ou III**.
- 3) Que a persoa que se atende, a pesar de non cumprir coas epígrafes anteriores, presente unha situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.



■ **Solicitudes:** Prazo do 11 de xuño ao 30 de setembro de 2021.

■ Documentación:

- a) Copia do contrato de prestación de servizos de residencia ou de axuda ou empregada do fogar.
- b) Xustificación documental da situación de respiro do coidador.
- c) Certificado do grao de discapacidade da persoa dependente se non fose expedido pola Xunta de Galicia.
- d) Documento que acredite oficialmente a situación familiar ou declaración responsable desta por parte do solicitante.
- e) Informe social e informe médico, se NON existe recoñecemento de grao de dependencia ou que variasen as circunstancias desde a valoración da dependencia.

■ **Información e tramitación:** <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS614B&ano=2021&numpub=1&lang=es>

Consellería de Política Social - Servizo de Prevención da Dependencia: 981 54 46 40

Servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra: 981 81 46 93.

INSCRICIÓNS NO CURSO 2021/2022 NA LUDOTECA

■ A partires do día 1 DE XULLO ata o 23 DE XULLO poderase facer a inscrición para o servizo de madrugadores e ludoteca durante o curso, así como a nova modalidade de ludoteca nas vacacións escolares de inverno (primeiros días de setembro, Nadal, Entroido e Semana Santa). É importante que as persoas que queiran que os menores acudan á ludoteca no mes de setembro o fagan neste prazo. Posteriormente no mes de setembro abrirase un segundo prazo do 1 ao 24 de setembro coas prazas que queden baleiras.

Para máis información nos teléfonos: 981 814 693 ou 699 041 486.



LUDOVERÁN

■ *Pasiño a pasiño facemos o camiño*

Este ano a nosa aventura correrá a mans do camiño de Santiago que neste verán ofreceranos a posibilidade de ir descubrindo a nosa contorna e todos os tesouros que contén nas súas pedras, para converternos en auténticos descubridores. A través deste gran xogo aprenderemos a mirar e analizar o mundo desde outras perspectivas, ao mesmo tempo que potenciaremos o noso instinto de esculcar e comprender a contorna que nos rodea.

Actividades e talleres:

- Manualidades e creatividade
- Psicomotricidade
- Contacontos
- Xogos de animación
- Xincanas e xogos de pistas
- Outras actividades significativas: _Xogos de orientación/_Descubertas/_ Safari fotográfico/Xogog en grupo/ Excursións educativas / Olimpíadas rurais/Cros de orientación

Actividades programadas para o mes de Xullo:

1ª semana de Xullo: Comezamos o Camiño! Comezaremos con xogos de coñecemento, xogos de orien-

tación; construcións. Saída pola contorna.

2ª semana de Xullo: saímos en busca de aventuras, para resolver os misterios que nos depara o camiño. Xogog de cooperación. Gran xogo en busca das pedras. . Saída pola contorna,rastrexo e xogo de pistas.

3ª semana de Xullo: *Respectamos o medio ambiente*, concienciación co medio ambiente, xogog de medio ambiente.

Excursión didáctica. Saída pola contorna - Safari fotográfico. Actividade de descuberta no concello para descubrir a vida no camiño. Saída pola contorna

4ª semana de Xullo: Gran xogo da oca do camiño de Santiago, xogog de orientación, busca do tesouro, Saída á Catedral de Santiago de Compostela.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



Concello
de Vedra



XUNTA
DE GALICIA

CONVOCATORIA ABERTA DO PROGRAMA BÁSICO COMUNITARIO 2021

- Programa Axuda no Fogar (modalidade de acceso libre concorrencia e dependencia).
- Programa de Educación Familiar.
- Programa de Información e Orientación.
- Programa de Prevención e Inserción / Axuda de Emerxencia Social.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Verán Asociativo

XVIII FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DO PATIO ORGANIZADO POLA BANDA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

PAZO DE ORTIGUEIRA - STA. CRUZ DE RIBADULLA

**XVIII FESTIVAL
DE BANDAS DE
MÚSICA DO PATIO**

11 DE XULLO DE 2021
ÁS 20:00 H.

BANDA DA ESCOLA DE
MÚSICA DE RIANXO
Dirixida por
Rafael Collazo

BANDA DE MÚSICA DE
STA. CRUZ DE RIBADULLA
Dirixida por
Alejandro Cimadevila





CINE DE VERÁN COA ASOCIACIÓN SENUNPESO

■ Xullo e agosto de 2021 en Vedra
3 parroquias * 3 filmes galegos
Colaboran o Concello de Vedra e
a Asociación Cultural Papaventos.

Sábado 31 de xullo. 22:30 h.
Ponte Ulla. Campo da festa.
"Ons"

Vicente e Mariña chegan para pasar o verán a Ons: el vén dun accidente e as súas consecuencias psicolóxicas, e a viaxe ha de ser un bálsamo para o seu matrimonio. A estancia prolóngase a pedimento del, e a medida que os días se van tornando borrascosos, empezan a aflorar segredos gardados.

2020. Drama. 87 min.

Dirección: Alfonso Zarauza.

Con: Melania Cruz, Antonio Durán, Xulio Abonjo, Anaël Snoek, Marta Lado...

Coa colaboración da Asociación de Veciños Virxe do Gundián.

Sábado 7 de agosto. 22:30 h.
San Xán de Sales. Campo da festa.
"A illa das mentiras"

A madrugada do 2 de xaneiro de 1921, o buque Santa Isabel, con 260 persoas a bordo, afúndese fronte á illa de Sálvora. A falta de homes na illa, tres mulleres deciden ir ao rescate salvando a 48 persoas. Un xornalista arxentino, acode a Sálvora para cubrir a noticia, pero aos poucos comproba que esa noite sucederon demasiadas terribles "casualidades" na illa.

2020. Drama. 93 min.

Dirección: Paula Cons.

Con: Nerea Barros, Aitor Luna, Darío Grandinetti, Victoria Teijeiro, Ana Oca, Mela Casal...

Coa colaboración da Asociación de Veciños Unión e Progreso de San Xán de Sales.

Sábado 14 de agosto. 22:30 h.
San Pedro de Sarandón. Campo da festa.

"Quen a ferro mata"

Nunha vila da costa galega vive Mario, un home exemplar. Cando o narcotraficante Antonio Padín ingresa na residencia na que el traballa,

Mario trata de que se sinta como na casa. Agora, os dous fillos de Padín, Kike e Toño, están ao mando do negocio familiar. Pero un fallo nunha operación levará a Kike ao cárcere e fará que Toño recorra a Mario.

2019. Thriller. 107 min.

Dirección: Paco Plaza.

Con: Luis Tosar, Xan Cejudo, Enric Auquer, María Vázquez...

Coa colaboración da Asociación de Veciños de San Pedro de Sarandón.



Parabéns

...AO CLUB VÉRTICE

■ Pola vitoria do seu atleta vedrés **Moisés Álvarez Jorge** na carreira "Los 100 del Camino" con 58 km de percorrido entre Lalín e Santiago.

E polo 4º posto de Luís Clodomi Martínez Silveira neste mesmo evento pero no percorrido de 48 km entre O Carballiño e Lalín.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra. com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.